Programación adaptada ao 3º trimestre do curso 2019-2020

CICLO FORMATIVO TÉCNICO/A SUPERIOR EN INTEGRACIÓN SOCIAL.

Módulo: Contexto da Intervención Social.

Índice

1. Identificación da programación 2
2. Criterios de cualificación e mínimos exixibles 2
3. Procedemento para a recuperación das partes non superadas 2
   - 3.1 Actividades de recuperación 2
   - 3.2. Proba de avaliación extraordinaria para alumnado con perda de dereito á avaliación continua (PD) 2
4. Medidas de reforzo, repaso e ampliación de contidos e aprendizaxes anteriores ao estado de alarma para todo ou parte do alumnado 2
5. Medidas de atención á diversidade do alumnado matriculado no módulo 3

• Identificación da programación

Centro educativo						
Código	**Centro**			**Concello**		**Ano académico**
15016000	Compostela			Santiago de Compostela		2019/2020
Ciclo formativo Técnico/a Superior en Integración Social.						
Código da familia profesional	**Familia profesional**	**Código do ciclo formativo**	**Ciclo formativo**		**Grao**	**Réxime**
SSC	Servizos Socioculturais e á comunidade	CSSSC02	Integración Social		Superior	Ord.
Código MP/UF	**Nome**		**Curso**	**Sesións semanais**	**Horas anuais**	**Sesións anuais**
MP0337	Contexto da Integración Social		1º	4	133	133
Profesorado asignado ao módulo	Manuel Otero López					

- # Criterios de cualificación e mínimos exixibles

Os mínimos para este módulo, deberán acadar os logros anunciados nos criterios de avaliación mínimos para cada unidade didáctica desenvolvida ao longo do curso académico ate o 13 de marzo de 2020, empregando os instrumentos de avaliación descritos na presente programación:

UD1 - A intervención social e o seu contexto

CA3.1 - Explicáronse os antecedentes e a evolución das políticas de intervención social

CA3.1.1 - Explicáronse os antecedentes e a evolución das políticas de intervención social

CA3.4 - Concretáronse os sectores de intervención social

CA3.4.1 - Analizáronse os sectores de intervención socia

CA4.2 - Identificáronse os colectivos que integran os ámbitos de intervención social

CA5.1 - Identificáronse os enfoques, as modalidades e as estratexias de intervención social

UD2 - A dinámica social

CA1.1 - Explicáronse os procesos básicos do desenvolvemento evolutivo do ser humano

CA1.2 - Caracterizáronse os procesos que inflúen na conformación social da conduta e as actitudes

CA1.2.1 - Caracterizouse o proceso de conformación social da conduta e as actitudes

CA1.2.2 - Caracterizáronse os principais elementos da influencia social

CA1.3 - Describíronse os elementos que configuran a estrutura social e as relacións entre eles

CA1.4 - Describíronse os procesos básicos que interveñen na dinámica e no cambio social

CA1.5 - Identificáronse os factores que favorecen ou inhiben o cambio social

CA1.8 - Explicouse o papel da perspectiva de xénero na dinámica e o cambio social

UD3 - Procesos de integración e exclusión social

CA1.6 - Identificáronse os factores que facilitan ou dificultan a participación social e comunitaria

CA2.1 - Definíronse os conceptos psicolóxicos e sociolóxicos básicos relacionados cos procesos de inclusión e exclusión social

CA2.2 - Explicáronse os procesos básicos asociados á integración e á exclusión social de persoas e colectivos

CA2.3 - Identificáronse as principais causas da marxinación e da exclusión social

CA2.3.2 - Identificáronse os factores causantes da marxinación e da exclusión social

CA2.4 - Identificáronse os indicadores xerais de marxinación e exclusión social

CA2.5 - Describíronse as principais necesidades sociais

CA2.6 - Diferenciouse entre necesidade e demanda social

CA2.7 - Argumentouse a influencia das necesidades sociais na marxinación e na exclusión social

CA2.8 - Concretáronse os mecanismos e os procesos xerais de reinserción social

UD4 - Marco da intervención social

Aínda non sendo avaliable decideuse conxuntamente cos alumnos realizar unhas pequenas tarefas para levar vistos uns contidos mínimos da unidade de cara o vindeiro curso.

UD5 - Colectivos da intervención social

Decídese conxuntamente co alumnado realizar unha pequena investigación a través dunha ferramenta Padlet para ver aqueles aspectos básicos dos colectivos.NOn é contido avaliable.

UD6 - A participación social

Non se ve nada desta unidade.

Tal e como viña recollido na programación o alumnado deberá superar todos os criterios establecidos como mínimos para superar o módulo. Para a cualificación dos mesmos pártese do peso establecido que cada un dos CAS ten na programación do módulo e o peso das diferentes unidades dentro da programación. Para o peso das unidades no cálculo da nota final teránse en conta só as que se traballaron antes do 13 de marzo do presente curso.

- ## Procedemento para a recuperación das partes non superadas

Para o alumnado que teña algún CA non superado nas dúas primeiras avaliacións establécese o seguinte tipo de proba:

- Proba escrita de resposta curta e tipo test que versará sobre o contido daqueles CAS que cada alumno teña pendentes.Esta desenvolverase a través da aula virtual, e de ser o caso, e se nos permite a reincorporación no prazo establecido para o desenvolvemento das probas farase de xeito presencial.

- ## Actividades de recuperación

Como principal actividade establécese o desenvolvemento de vioconferencias individuais co alumnado que teña CAs por recuperar , para ir resolvendo cuestións e dúbidas que vaian tendo na revisión de materiais e resposta ás cuestións propostas.

- ## Proba de avaliación extraordinaria para alumnado con perda de dereito á avaliación continua (PD)

Non procedeo desenvolvemento deste tipo de proba xa que non hai ningún alumno con PD.

- ## Medidas de reforzo, repaso e ampliación de contidos e aprendizaxes anteriores ao estado de

alarma para todo ou parte do alumnado

Ata o comezo deste terceiro trimestre ao alumnado propúxoselles o visionado dalgún video relacionado coa materia, cuestións relacionadas en como afecta a situación do COVID19 co a colectivos que van a traballar e tarefas prácticas relacionadas cos contidos da materia.

Para o terceiro trimestre, aínda non sendo materia avaliable, decideuse co alumnado continuar vendo contido, a unidade de colectivos, dada a importancia que ten de manexar uns mínimos sobre o tema de cara o desenvolvemento do curso que ben.Para iso deseñouse unha ferramenta Padlet cos materiais e tarefas para este trimestre.

Realizanse videoconferencias grupais, en pequeno grupo para a resolución de dúbidas e corrección das tarefas entregadas.

- ## Medidas de atención á diversidade do alumnado matriculado no módulo

  Non hai no grupo ningún alumno que precise medidas concretas. Si ben, dada a situación estas centranse e manter contacto continuado co alumnado para que continuen co proceso de ensino. A comunicación cos mesmo realízase fundamentalmente a través de videoconferencias e correo electrónico. Así mesmo, mantense unha reunión semanal co equipo docente para ir resolvendo de xeito grupal cuestións que xurdan co alumnado.